

| | |
|--|--|
| Referencia: | 2020/2265P |
| Procedemento:: | Premios, concursos y certámenes culturales |
| Interesado: | GRUPO MUNICIPAL DEMOCRACIA OURENSANA , PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL , PARTIDO POPULAR DE OURENSE , BLOQUE NACIONALISTA GALEGO , CIUDADANOS DE OURENSE , MARIA MARGARITA PEREZ BELMONTE, GRUPO PSDEG-PSOE DIPUTADOS , GRUPO PROVINCIAL DEMOCRACIA OURENSANA , GRUPO PROVINCIAL POPULAR , ANA PATRICIA TORRES MADUREIRA |
| Representante: | RAFAEL RODRIGUEZ VILLARINO |
| SECCIÓN DE ARQUIVO E PUBLICACIÓNS (4050) | |

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO XVII PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL «PURA E DORA VÁZQUEZ» NA MODALIDADE DE NARRACIÓN

Na Sala de Xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense., as dez horas do día 30 de setembro de dous mil vinte, reúnese os membros do xurado do **XVII Premio de literatura infantil e xuvenil «Pura e Dora Vázquez»**, na modalidade de **narración**, integrado polos seguintes representantes:

-Presidente: dona **Ana Patricia Torres Madureira**, deputada de Cultura da Deputación Provincial, en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco

-Vogais:

Don **José Manuel Fernández López**

Don **Luis Gulín Iglesias**

Dona **Isabel Mociño González**

Don **Xoán Xosé Rodríguez González**

Secretaria: dona Ana Malingre Rodríguez, (xefe de sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense)

Non asiste, excusando a súa asistencia dona **Rochi Nóvoa**.

O fin da mencionada reunión é escoller o texto premiado na modalidade de narración do XVII Premio Pura e Dora Vçazquez

Declárase constituído o tribunal ao concorrer a súa presidenta e secretaria, así como catro dos cinco vogais designados, atopándose presente a maioría absoluta dos membros do tribunal con dereito a voto.

Examinados todos os traballos presentados dentro do prazo, a secretaria do xurado advirte que a obra presentada co título «A miñoa mansa», parece que non cumpre as bases no referente ao interliñado, pois este é moito máis amplo que 1,5, e o número de páxinas de texto, incluíndo a portada, é de 25, polo que o texto resulta máis reducido do debería ser.

O xurado decide avaliar todas as obras presentadas, e despois dun breve debate sobre o asunto, e a correspondente votación, por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

O xurado do certame sinala a grande calidade de todas as obras presentadas, pero hai una que axustándose moi ben as bases, contén todos os elementos para ser a mellor.

Por isto acorda conceder o seguinte galardón:

Premio dotado con **1.500 euros** á obra presentada baixo o lema «Xío» e titulada: *Adrán e a fábrica de xeo* que entrou na Deputación de Ourense co número de rexistro 2020 013979 do día 22 /04/2020 as 12:28 horas, e que tras abrir o sobre pechado resulta ser a súa autora dona **Begoña Graña Suárez**.

O xurado destaca da obra premiada o seu propósito docente, cun valor pedagóxico engadido, ao ser capaz de prantexar xogos por medio de experimentos.

É ademais unha obra que abonda nas relacións interxeneracionais, e que pon o foco en temas de actualidade, como o dos migrantes, dando así unha perspectiva intercultural.

Tamén realza a vida na aldea, que presenta como unha vida en liberdade.

A obra ten unha perspectiva de divulgación científica, con grande diversidade textual, pois aparecen receitas, experimentos, etc. que ofrecen ademais unha oportunidade moi interesante de aprendizaxe. Ten un linguaxe sinxelo e se presta moi ben a ser ilustrada, sendo este un dos compoñentes importantes deste premio.

Sendo as 10:45 horas do día antes mencionado, dase por finalizado o acto e levántase a presente acta, que é asino e dou fe.

A Secretaria

A Presidenta